

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANUAL

2ºA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2022-2023

CEIP ROSALÍA DE CASTRO. A CORUÑA

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN
 - 1.1. Marco legal
 - 1.2. Contextualización: características xerais dos nenos e nenas da aula
2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA
3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
 - 4.1. Principios básicos
 - 4.2. Organización das sesións
 - 4.3. Organización dos espazos da aula
5. RECURSOS
 - 5.1. Materiais
 - 5.2. Persoais
 - 5.3. Familias
6. AVALIACIÓN
 - 6.1. Avaliación Inicial
 - 6.2. Procedementos para avaliar
 - 6.3. Instrumentos de avaliación
 - 6.4. Resultados da avaliación
 - 6.5. Promoción
 - 6.6. Criterios de cualificación
 - 6.7. Avaliación do programación didáctica
7. PLAN DE REFORZO E DE RECUPERACIÓN
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9. RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN COS PLANS EDUCATIVOS DO CENTRO

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

11. CONCRECIÓN CURRICULAR DE CADA ÁREA: obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

- 11.1. Área de Matemáticas
- 11.2. Área de Lingua Castelá e Literatura
- 11.3. Área de Lingua Galega e Literatura
- 11.4. Área de Valores Sociais e Cívicos
- 11.5. Área de Educación artística (Plástica)
- 11.6. Área de Ciencias Naturais
- 11.7. Área de Ciencias Sociais

1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A presente programación didáctica está baseada na nova normativa educativa detallada na PXA do centro.

Vai dirixida ao alumnado de 2ºA de Educación Primaria do Ceip Rosalía de Castro de A Coruña, un aula con 18 nenos e nenas.

Todo o traballo a desenvolver neste segundo curso de primaria estará determinado polo desenvolvemento cognitivo no que se atopan os nenos e nenas de seis e sete anos. O seu pensamento concreto, o seu interese por aprender e por relacionarse cos seus iguais e a súa contorna.

1.1 Marco legal

A programación didáctica da Educación Primaria está fundamentada no seguinte marco normativo:

- Lei orgánica 8/2013, 9 decembro, para a mellora da calidade educativa.
- DECRETO 105/2014 polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Corrección de erros (DOG do 10 de setembro de 2014).
- Orde 9 xuño 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (corrección erros: DOGA17 xuño 2016).
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da educación primaria (BOE 1/03/2014).
- Real Decreto 1513/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria. (Normativa LOE)
- Decreto 374/ 1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02-09-97). Modificación parcial desta orde (adscripción funcional e horarios) (DOG 06-07-2010).
- Real Decreto 696/1995, 28 abril ordenación da educación do alumnado con necesidades especiais.LOMCE 71artigo.
- Decreto 320/1996, 26 xullo, de ordenación da educación de alumnos/-as con necesidades educativas especiais.
- Orde 6 outubro 1995 pola que se regulan adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde 31 outubro 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica de alumnos/-as con necesidades educativas especiais que cursan ensino de réxime xeral...
- Orde 28 outubro 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración período escolarización obrigatoria de alumnos/-as con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual
- Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).
- Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, coa finalidade de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, cada unha das competencias alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas, tendo por tanto, unha perspectiva globalizadora. Esta aprendizaxe adquirirase a partir da contextualización en situacións reais e próximas, tanto formal coma informal, utilizándoos de xeito efectivo en diferentes situacións e contextos.

De aí a necesidade da elaboración desta programación didáctica.

1.2. Contextualización: características xerais das nenas e nenos da aula

Hai un total de 18 alumnas e alumnos ,aínda que está previsto que se incorpore algún alumno/a máis.

A composición do grupo é bastante heteroxénea

.Presentan diferentes ritmos de aprendizaxe e distintos niveis de lectura e escritura.

Levaranse a cabo as medidas de atención a diversidade que sexan necesarias para atender ao alumnado que precise das mesmas, sempre en coordinación co equipo de orientación do centro.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, una lingua, a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por competencia, as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os alumnos/as van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

A selección dos estándares e a metodoloxía a por en práctica en cada área contribúen ao desenvolvemento das seguintes competencias clave establecidas na *Orde do 23 de xullo de 2014, pola que se regula a implantación para o curso 2014/1 dos cursos primeiro terceiro e quinto de EP na C.Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.*

- ✓ Comunicación lingüística(CCL):refírese á habilidade para utilizar a lingua,expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.(CMCT):a primeira son capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea, a competencia tecnolóxica , e como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.
- ✓ Competencia dixital.(CD):implica o uso seguro e crítico das TIC para obter,analizar,producir e intercambiar información.
- ✓ Aprender a aprender.(CAA):desenvolver a capacidade para iniciar a aprendizaxe ,organizar as súas tarefas e tempo,e traballar de xeito individual ou colaborativa para acadar un obxectivo.
- ✓ Competencias sociais e cívicas.(CSC):capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo,participativo e democrático na vida social e cívica.

- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.(CSIEE):habilidades necesarias para convertir as ideas en actos,como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- ✓ Conciencia e expresiónsculturais.(CCEC):capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música , as artes plásticas e escénicas ou literatura.

Debo destacar que se potenciará o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, e que tamén se deseñarán actividades integradas que permitan traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

4.1.Principios básicos:

- Fomentar a significatividade das aprendizaxes: deste modo podemos conseguir maior motivación por parte dos alumnos e maior eficacia no proceso de ensino- aprendizaxe. Será fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado, reforzar o aprendido nos cursos precedentes e abrir o coñecemento cara a novos temas. O enfoque será globalizador e interdisciplinario, tendo en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.
- Axudar e colaborar na adquisición dunha autonomía das aprendizaxes por parte dos alumnos: será a maneira de preparar adecuadamente aos alumnos para a súa adaptación a uns contidos en continuo cambio. Como concretamos este principio?
 - Estimulando a actividade constante do alumno e da alumna.
 - Utilizando una linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
 - Graduando as actividades, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
 - Salientando os procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.
- Favorecer a funcionalidade das aprendizaxes: así conseguiremos un ensino máis motivador.
- Fomentar a creatividade do alumnado, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- Incidir en que o proceso de ensinanza- aprendizaxe sexa individualizado: só deste xeito conseguiremos dar a adecuada resposta á diversidade do alumnado en canto a intereses, motivación, capacidade, estilo de aprendizaxe...
- Favorecer as aprendizaxes cooperativas en gran grupo: desta maneira, ademais do papel colaborador que os compañeiros teñen na aprendizaxe de cada un, incidimos nos valores de cooperación, compañeirismo e axuda mutua que pretendemos desenvolver nos alumnos.

- Considerar e interpretar as relacións do seu entorno cercano e co mundo en xeral: desta forma os alumnos Terán unha visión progresista do mundo circundante ao coñecer e interpretar as diversas modificacións que o ser humano introduce. Realizaranse tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos...
- Estimular ao alumnado cara ao hábito de búsqueda e investigación para que sexan eles quen constrúan os seus propios coñecementos coa axuda dos seus mestres e compañeiros, aplicando as principais estratexias e técnicas do método científico (capacidade de formular preguntas, identificación de problemas, observación, recolección e organización de datos, sistematización e análise de resultados, elaboración e comunicación de conclusións).
- Ensinar ao alumno/a a aprender a aprender, a facer e pensar. A autonomía na aprendizaxe conseguíraa a través dun entrenamiento sistemático no dominio das técnicas instrumentais de estudo e de traballo, no desenvolvemento óptimo das capacidades intelectuais, no exercicio de vontade e na capacidade de esforzo.
- Utilizar a ensinanza activa. Está deseñada con actividades nas que o alumno/a ten que participar dunha maneira activa, sendo guiado e orientado en todo momento polo profesor/a establecendo as relacións posibles entre o novo contido que se lle transmite e os esquemas xa existentes na súa mente.
- Utilizar o xogo como elemento motivador fundamental na construción dos valores persoais e no desenvolvemento das competencias básicas.
- Educar en valores, presentando actividades que conduzan á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza e a convivencia.
- Dinamizar a colaboración familia- escola.

A pluralidade metodolóxica será a base para unha correcta atención á diversidade de capacidades, estilos cognitivos, motivacións, intereses, crenzas e outras de carácter biolóxico e socioafectivo.

Igualmente se utilizarán estratexias diversificadas que posibiliten que distintos alumnos participen- respectando os protocolos vixentes- das mesmas aprendizaxes mediante experiencias compartidas, sobre todo en gran grupo; partindo dos coñecementos previos do alumno e co fin de asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

4.2. Organización das sesións

A metodoloxía proposta parte da necesidade do establecemento de momentos diferenciados- flexibles no tempo- dentro de cada sesión didáctica:

- Avaliación e repaso dos contidos e actividades do día anterior: mapas conceptuais, preguntas cortas directas e de reflexión, etc.

- Fase de activación: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.
- Fase de dinamización: é o momento principal da sesión na que se produce a interacción entre alumno- alumno, alumno- mestre. Introducción de novos contidos: reflexión ante o descoñecido e obxectivos de clase. Realización de actividades individualmente ou en gran grupo.
- Fase de reflexión: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido traballado e a realidade. Repaso da actividade do día: estudo e interiorización das aprendizaxes. Avaliación da aprendizaxe mediante os instrumentos oportunos.

4.3. Organización dos espazos da aula

A organización da aula ao longo do curso será diferente para favorecer o traballo individual, en pequeno grupo e en grupo-clase, según as diferentes actividades que se leven a cabo.

5. RECURSOS

5.1. Recursos materiais: aula ordinaria; aula de informática; biblioteca do centro e de aula; ábacos, reloxos, regletas, moedas e billetes, figuras xeométricas, tangrams, lotes fonéticos, láminas, letras, láminas, mapas, planos, posters e murais de aula, xogos lúdicos: crebacabezas, parchís,...

Recursos impresos para o alumnado: libros de texto funxibles (*ver a PXA)

Material funxible: folios, cartolinas, xornais, revistas, cadernos de traballo persoal do alumnado, libros de consulta, fichas de reforzo e ampliación, lapis, ceras de cores, gomas, rotuladores, tesoiras, pegamento, regras, blocs de debuxo, pinceis, pinturas, guías didácticas de diferentes editoriais, etc.

Soportes técnicos: pizarra dixital interactiva, imaxes, aula virtual na páxina web da escola, recursos internet, CDs, ...

5.2. Recursos persoais: mestre titor., especialista en Audición e Linguaxe, mestra de Pedagogía Terapéutica, Mestra especialista de Inglés, mestre especialista de Educación Física, mestra especialista de Música, orientador centro, equipo directivo, entre outros.

5.3. Familias: En canto a información e comunicación ás familias:

O titor manterá un contacto continuo coas familias para levar a cabo un traballo conxunto que favoreza a aprendizaxe do alumnado. Todos os luns, en horario de 16 a 17 horas ,todas as familias que o soliciten serán recibidas polo titor, para informarles da evolución do alumnado e coordinarse coas mesmas.

6. AVALIACIÓN

6.1. Avaliación Inicial

Durante todo o mes de setembro realízase una avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta os informes individualizados dos cursos anteriores, as necesidades atopadas, entrevistas familia/profesorado, probas orais e prácticas sobre o nivel de competencia curricular, etc.

Facilitará a toma de decisións relativas ao currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumno/a.

Como consecuencia do resultado da avaliación inicial adaptaranse as medidas pertinentes de apoio e recuperación para os alumnos/as. Esta avaliación é o punto de partida, os resultados non son unha nota para calificar ao alumno, senón que, servirán como instrumento de diagnóstico para unha posterior intervención.

6.2.Procedementos para avaliar

Desenvolver unha programación didáctica aberta, flexible e adaptada á realidade de cada momento, con propostas metodolóxicas activas e participativas, e baseada en competencias, require de ferramentas que permitan observar a evolución do alumnado nos seus logros educativos e poder sinalar que saberes e faceres teñen lugar e cales son necesarios introducir en cada momento para completar o currículo académico do noso alumnado, así como para poder calificar o seu nivel de desenvolvemento, tendo presente que o obxecto da avaliación será:

- valorar o nivel de progreso acadado polo alumnado en: desenvolvemento das competencias básicas e grao de dominio dos coñecementos adquiridos.
- establecer pautas e criterios para a mellora do ensino, a concreción e desenvolvemento dos currículos e a atención á diversidade.

Polo que a evolución dos progresos do alumno deberá ter un carácter continuo, global e formativo tendo en conta a situación inicial do alumnado e atendendo á diversidade de capacidades, actitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe. Tendo tres momentos: inicial, continua ou formativa ou sumativa e final, considerando o progreso no conxunto de áreas.

- Avaliación formativa: concede importancia á evolución ao longo do proceso (progresos e dificultades de cada caso).
- Avaliación sumativa: establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución de obxectivos
- Avaliación individualizada: centrándose na evolución de cada alumno, na súa situación inicial e nas súas particularidades

- Avaliación integradora: contempla a existencia de diferenzas e a necesidade de ser flexibles na aplicación dos criterios de avaliación.
- Avaliación orientadora: achega ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

De cada unidade didáctica,ou cada dúas, realizarase una proba específica escrita.

Para avaliar a mecánica e a comprensión lectoras, as probas serán de carácter trimestral.

Para a cualificación final realizarase a media das tres avaliacións.

Ao remate do curso emitirase unha cualificación das competencias clave valorando a contribución de cada unha das áreas.

A avaliación de cada alumna/o realizarase tendo en conta:

- Observación directa do traballo diario
- Análise e valoración das tarefas realizadas polo alumnado
- Valoración cuantitativa do avance individual/colectivo
- Valoración cualitativa do avance individual/colectivo

6.3.Instrumentos de avaliación

- Rúbricas
- Portfolio do alumnado
- Rexistros anecdótico: diario de aula (participación, actitude, atención,...)
- Probas de avaliación orais e escritas
- Observación directa:condutas (xogos,debates,saídas,...),exposicións orais; debates para resolución de problemas...
- Escalas de observacións
- Conversas.
- Análise do traballo diario.
- Revisión das producións escritas das alumnas/os.
- Autoavaliación.
- Tutorías con pais.

6.4.Resultados da avaliación

A avaliación inicial recollerase nos oportunos documentos e programas.

Haberá una avaliación cada trimestre, á que asistirá todo o equipo docente, así como as mestras de PT, AL, orientador e xefa de estudos. De cada una destas reunións o titor levantará acta do desenvolvemento da sesión, e incluírá as achegas que fagan os compoñentes do equipo, e que se pidan que consten en acta. As actas quedarán arquivadas na secretaría do centro.

Nas avaliacións trimestrais, o nivel obtido por cada alumno ou alumna en cada área farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal cada trimestre. Farase, ademáis, a través da aplicación AbalarMóbil.

Neste informe, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable(NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas.

A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. Suficiente: 5.Ben: 6.Notable: 7 ou 8.Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

A nota de educación artística é a media aritmética de música e plástica.

6.5.Promoción

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir una soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordó co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará a decisión correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, na sesión da avaliación.

Non se promociona con dúas materias suspensas de: lingua, lengua ou matemáticas;ou , a non ser que o equipo de profesores xunto co departamento de orientación considere o contrario por outros motivos (madurez, esforzo, importancia de seguir no seu grupo de referencia...).

No caso de que promocióne, elaborárase un plan específico de recuperación.

6.6. Criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS EMPREGADOS	PORCENTAXE
Valoración dos contidos e competencias clave adquiridas ou desenvolvidas nas unidades.	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exposicións orais e probas escritas individuais - Rúbricas en aspectos fundamentais (comprensión, expresión) - 	20%
Realización do traballo diario na aula: <ul style="list-style-type: none"> - Presentación do traballo feito e rematado. - Realización axeitada das tarefas - Ritmo adecuado. - Autonomía nas tarefas. - Caligrafía lexible - Aplicación da ortografía básica. - Presentación clara e limpa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Observación dos libros da clase, das fichas, da libreta do alumnado. - Análise do portfolio. - Rexistros de actividades, como salidas ao encerado, pizarra dixital, ... 	60%
Valoración de actitudes de conducta na aula: <ul style="list-style-type: none"> - Atención - Participación - Interese 	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistros variados no diario de clase do mestre. - Rexistros descriptivos e/ou anecdóticos. - Asambleas diarias 	20%

- Esfuerzo - Autonomía - Iniciativa - Creatividade - Coidado do material - Comportamento		
---	--	--

6.7. Avaliación da programación didáctica

Nas sesións de avaliación, os mestres/as avaliaremos os procesos de ensino e a práctica docente en relación co logro dos obxectivos de cada nivel e de etapa e co desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles ás características do alumnado. Fixarémonos sobre todo se os criterios de avaliación están correctamente definidos e se os estándares de aprendizaxe cumpren a esixencia de ser medibles e graduables.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado, sobre todo nas áreas instrumentais: lingua galega e castelá e matemáticas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- O aproveitamento dos recursos existentes no centro.
- Os instrumentos, procedementos, criterios de cualificación empregados na avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Sobre a programación				

Temos en conta a quen vai dirixida				
Temos ben establecidos os obxectivos				
Temos analizado os recursos e a súa idoneidade				
Comunicámonos cos profesores do curso anterior do nos alumnado				
Temos definidos os mínimos				
Sabemos o que imos traballar ademais dos mínimos				
Temos distribuídos e secuenciados os contidos				
Revisamos a programación ao longo do curso				
Sobre as actividades de aula				
Son diversas				
Obligan a pensar				
Favorecen a aprendizaxe autónoma				
Favorecen a comunicación				
Utilizamos algunha ferramenta Tic				
Están relacionadas con situacións da vida real				
Dan opción a sistematizar traballos e rutinas				
Deseñamos actividades diferentes según o obxectivo a acadar				
Explicamos a finalidade da actividade				
Organizamos o tempo de clase: para a profesora e para o alumnado				
Empregamos distintas organizacións (individual, por parella, en grupo de traballo colaborativo, en gran grupo)				
Sabemos en que momento empregamos cada un dos agrupamentos				

Cando termina a unidade avaliamos se as actividades foron as mellores posibles				
Sobre a avaliación				
Utilizamos diferentes probas de avaliación				
Utilizamos diferentes instrumentos de rexistro				
Como titores, rexistramos a información das reunión coas familias				
Levamos un anecdotario				
Levamos un diario de aula				
Observamos como interactúan entre eles mentres realizan as actividades.				
Programamos plans de recuperación				
Sobre a diversidade				
Adaptamos a programación ás necesidades e características do noso alumnado				
Organizamos grupos cooperativos para garantir as axudas entre iguais				
Partimos da motivación do alumnado				
Avanzamos respectando os ritmos individuais do alumnado				
Hai tarefas e logros diferentes				
Hai metodoloxías diversas				
Sobre recursos e materiais				
Empregamos recursos e materiais variados e manipulables				

Propóñense unha serie de cuestións sobre as que reflexionar e puntuar acerca da programación, das actividades na aula, da avaliación e do tratamento da diversidade, en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DE LA REVISIÓN, EVALUACIÓN Y MODIFICACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Os estándares de aprendizaxe están secuenciados e son avaliados e medibles					
Están determinados os estándares imprescindibles e identificados en todas as unidades					
Están asociados os estándares cos procedementos e os instrumentos de avaliación.					
Todas as CC están presentes en todas as áreas					
Hai variedade de procedementos e instrumentos de avaliación					
Deseñouse un método de avaliación inicial para empezar a traballar en 1º nivel					
Hai para este grupo en concreto medidas á diversidade.					
Hai contempladas medidas de atención específicas para o alumnado con necesidades de apoio.					
De ser o caso, realizáronse as adaptacións curriculares significativas necesarias para algún alumno deste grupo en concreto					
Hai definidos programas de reforzo ou ampliación vinculados aos estándares de aprendizaxe.					
Hai establecidas estratexias de animación á lectura e desenvolvemento da comprensión oral e escrita					
Teñense en conta medidas para incorporar as Tic aos procesos de ensino/aprendizaxe					
Aplicase a metodoloxía acordada polo equipo de nivel					
Utilízanse os recursos acordados polo equipo de nivel					
Respétase o acordado en relación aos agrupamentos do alumnado					
As unidades están vinculadas a situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado					

As familias están informadas dos estándares fundamentais, dos procedementos e instrumentos de avaliación así como dos criterios de avaliación.					
Analizáronse os recursos e os materiais empregados					
O equipo didáctico de nivel estivo coordinado					
Houbo coordinación interniveis no centro					
Os temas transversais tratáronse dentro das unidades didácticas					
Cumplíronse as expectativas referidas ás actividades complementarias e extraescolares					

7. PLAN DE REFORZO E DE RECUPERACIÓN

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Haberá actividades de reforzo e ampliación para o alumnado con necesidades educativas.

No caso do alumnado que non promocionou o curso pasado, recibirá un plan de apoio centrado en actividades concretas e específicas de recuperación, incidindo naquelas coas que teña maior dificultade; utilizando tarefas de reforzo e con metodoloxía adaptada, apoio na aula e adaptando tempos de traballo.

Vaise partir do principio de individualización do ensino. Empregarase una metodoloxía que permita diferentes ritmos de aprendizaxe: aprendizaxe significativo; pautas e orientacións ás familias; contacto co departamento de orientación, para desenvolver as habilidades adecuadas a través de actividades para acadar obxectivos educativos; tarefas de reforzo específicas/xerais para fomentar hábitos de estudo na casa e consolidar aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo.

Actuacións:

- Adecuación de obxectivos: priorizar, variar temporalización...
- Reorganización de contidos
- Aprendizaxe cooperativo e individualizado
- Fomento participación do resto alumnado
- Cambios na secuenciación das aprendizaxes.
- Combinar diferentes tipos de actividades
- Elaboración de materiais
- Ensino titorado
- Adaptación do ritmo de aprendizaxe,
- Flexibilización dos tempos
- Reforzar o relativo a valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba una atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo de desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo.

Os mecanismos de reforzo poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfase, incorporarse ao curso correspondente a súa idade..

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 8. Medida sordinarias.

1. No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular,

motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

2. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entreas medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f. Desdobramentos de grupos.
- g. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h. Programas de enriquecemento curricular.
- i. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j. Programas de recuperación.
- k. Programas específicos personalizados. Programas de habilidades sociais.

Artigo 9. *Medidas extraordinarias.*

1. No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

2. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

3. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunhas ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

En todo caso, procurarase adaptar o nivel de esixencia das actividades ás características individuais do alumnado, tanto físicas, motoras, como psíquicas, de maneira que se valoren nas aprendizaxes o grao de mellora adquirido partindo das capacidades observadas na avaliación diagnóstica ou inicial.

Así, para a atención á individualidade terase en conta:

- A secuenciación progresiva das unidades, para ir avanzando dende un grao menor a un maior.
- O desenvolvemento e a estruturación de cada unidade didáctica facilitará a detección e a localización das dificultades na aprendizaxe co fin de solucionar a tempo os problemas que xordan.
- Recurrir a estratexias elementais progresivas e motivadoras para favorecer a integración de todo o grupo.
- Búsqueda de recursos didácticos que faciliten a adquisición de contidos.
- Revisión e modificación dos contidos de forma flexible.
- Atención por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe a aqueles nenos con necesidades educativas especiais.
- Reforzo cotián individualizado dentro da aula por parte do titor.

- Programas de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas para asegurar as aprendizaxes básicas das Linguas e Matemáticas.
- Planificación de proxectos abertos para ampliar as posibilidades de traballo con alumnos de altas capacidades.

9. RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN COS PLANS EDUCATIVOS DO CENTRO

➤ PLAN LECTOR

A “hora de ler” durará 20 minutos e ocupará a hora lectiva despois do recreo.

Á hora de seleccionar lecturas serán lecturas libres e serán individuais e silenciosas.

➤ PLAN TICS

O plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación implica un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

Visitaremos unha vez á semana, aproximadamente, a aula de informática.

Os obxectivos plantexados para este nivel son:

- Recoñecer o ordenador como un elemento cotián do noso entorno.
- Coñecer e poñer en práctica as normas básicas de funcionamento do ordenador.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.

- Uso de Internet para búsqueda de información.

➤ PLAN DE CONVIVENCIA

Para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia, leváranse a cabo as seguintes propostas:

- Implicar ao alumnado nas realización das normas de convivencia da aula así como informalos das súas consecuencias e correccións de non cumprilas. Sempre que sexa posible, se terá en conta a súa opinión.
- Posibilitar o diálogo co alumnado en relación á disciplina e convivencia, empregando o debate e respectando as opinións dos demais.
- Desenvolvemento de habilidades sociais.
- Actuación inmediata ante os problemas de conduta, seguindo as normas recollidas no plan.
- Resolución de conflitos pola vía da mediación.
- Informar ás familias no relacionado coa convivencia escolar.

➤ PROXECTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

As saídas de 2ºA faranse en coordinación con 2ºB, serán variadas, e terán un lugar preponderante as incluídas no programa Educativo do Concello da Coruña.

Outras actividades plantexadas son as que a nivel de centro se organicen para celebrar festas de carácter popular e conmemoracións académicas.

Ademáis, celebraremos datas importantes culturais como o Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Día de Rosalía, Festa fin de curso ...entre outras actividades de centro que se propoñan ao longo do curso.

➤ PROXECTO LINGÜÍSTICO

En relación ao proxecto lingüístico, a nosa programación encamiñárase a:

- Utilizar o galego como lingua vehicular habitual e preferente na vida escolar.
- Promover a lectura de autores galegos a través das súas obras como lectura recomendada na casa e no colexio.
- Programar actividades relacionadas coas distintas conmemoracións tradicionais facendo uso do galego: magosto, Entroido, Nadal, letras galegas... Estas actividades programaranse no seu momento de acordo cos equipos de dinamización da lingua galega, biblioteca e actividades extraescolares e figurarán na PXA.
- Introducir a obra de artistas galegos: artes plásticas, música... como recurso nas actividades da clase.

10.ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En función do establecido no art. 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGNº 171 do 979/2014) os elementos transversais a traballar son:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación
- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Trataremos de **fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade**, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño parato das as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con

discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

